

Declaración institucional do Compromiso de Adhesión á "Red de Entidades Locales para la Agenda 2030 de la FEMP" e á futura implementación de políticas municipais de desenvolvemento dos ODS da Axenda 2030

En setembro de 2015 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas aprobou a resolución "Transformar o noso mundo: a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible", un plan de acción que se concreta en 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e 169 metas concretas "a favor das persoas, o planeta e a prosperidade". Un documento multinivel e multiactor, sen deixar a ninguén atrás, que busca dotar a todas as accións e políticas públicas dunha visión transversal de sostibilidade na súa triple dimensión: económica, social e ambiental.

O Concello de Oímbra asume así este reto de alcanzar un maior desenvolvemento, a un ritmo máis elevado, de accións a nivel local que inclúan as transicións necesarias nas políticas, os orzamentos e na gobernanza da nosa institución como axente clave para acadar os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

Por todo iso, o Concello de Oímbra:

- 1. Recoñece** que a Axenda 2030 debe ser unha referencia fundamental para a nosa veciñanza, as autoridades e as organizacións que están presentes no noso territorio como actores fundamentais para a planificación das políticas do Concello, fomentando a cohesión comunitaria, a seguridade das persoas e a estimulación da innovación e o emprego.
- 2. Recoñece e identifícase plenamente** cos obxectivos irrenunciabes da devandita axenda: non deixar a ninguén atrás, universalidade, integralidade, interdependencia, responsabilidade común pero diferenciada e respecto dos Dereitos Humanos.
- 3. Considera** que a Axenda é o marco de referencia no que se elevan ao ámbito global políticas de acción de proximidade que o noso goberno está a desenvolver a nivel local e que constitúe a folla de roteiro para o deseño e implementación de novas estratexias desde unha visión do desenvolvemento territorial que integre os ámbitos económico, social e ambiental e as súas interaccións.
- 4. E por todo isto, manifesta o seu apoio** a través do compromiso de adhesión á *Red de Entidades Locales para la Agenda 2030* da Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP) e á futura implementación de políticas municipais de desenvolvemento dos ODS da Axenda 2030.

